

## PROGRAMACIÓN 2022/2023

### SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÊS (válidas para os niveis de 2º e 4º ESO)



## 1-ÍNDICE

1. Introducción e contextualización	pa x. 3
2. Obxectivos	pa x. 5
3. Contribución da área ao logro das competencias básicas	pa x. 6
4. Contidos.Temporalización. Secuenciación de contidos	pa x. 8
a. 1º ESO	pa x. 9
b. 2º ESO	pa x. 20
c. 3º ESO	páx. 31
d. 4º ESO	pa x. 42
5. Contidos mínimos esixibles	pa x.50
6. Procedementos de avaliación. Criterios de calificación	pa x.52
7. Avaliación inicial	pa x.55
8. Cualificación dos pendentes	pa x.56
9. Programas específicos para alumnos repetidores	pa x.56
10. Procedementos para acreditar con ecementos previos	pa x.56
11. Medidas de atención a diversidade	pa x.57
12. Programación de educación en valores	pa x.57
13. Aportación ao proxecto lector	pa x.58
14. Emprego de ferramentas TICs	pa x.59
15. Materiais e recursos didácticos	pax.60
16. Actividades complementarias e extraescolares	pa x.61
17. Procedementos para avaliar a propia programación	pa x.62

## INTRODUCCIÓN

A Unión Europea defínese a si mesma como unha comunidade multilingüe. O concepto de multilingüismo fai referencia tanto á capacidade dunha persoa para utilizar varios idiomas como á coexistencia de diferentes comunidades lingüísticas nunha zona xeográfica determinada. Na nosa bisbarra, o Baixo Miño, a posibilidade natural de aprender varias linguas nun contexto extraescolar supera o simple bilingüismo ou plurilingüismo conseguido a través da aprendizaxe escolar.

A presenza de varias linguas estranxeiras no Currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pon énfase no feito de que as persoas, conforme se amplía a súa experiencia lingüística e entra en contacto coas linguas doutros pobos, non gardan linguas e culturas en compartimentos mentais estancos, senón que desenvolven unha competencia comunicativa denominada plurilingüe porque a conforman todos os seus coñecementos e experiencias lingüísticas e porque nela as linguas aprendidas se relacionan entre si e interactúan.

O Consello de Europa no seu documento Marco de Referencia Europeo das Linguas considera a aprendizaxe das linguas estranxeiras como unha prioridade para os cidadáns e cidadás de Europa xa que favorecerá a construción dunha Europa pluricultural e plurilingüe promovendo o coñecemento das distintas linguas e culturas, o que derivará no respecto por estas e a interacción entre a cidadanía europea.

Neste mesmo documento especificanse as distintas etapas de aprendizaxe dunha lingua para acadar a competencia lingüística necesaria para levar a cabo tarefas comunicativas en distintas situacións, tanto oralmente como na escrita así como a adquisición de distintas estratexias para que a comunicación teña efecto e para mellorar a propia aprendizaxe das linguas.

O noso centro xa desde hai máis unha década está comprometido cunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural da lusofonía como fonte de enriquecemento. Desde as nosas aulas queremos eliminar as barreiras artificiais impostas entre as linguas desde os Estados e queremos promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas fóra do ámbito educativo, na Eurocidade de Tui.

A través do estudo de galego e do portugués, o alumnado debe adquirir unha boa competencia comunicativa en ambas as dúas e debe reforzar a tolerancia e competencia sociocultural que lle permita actuar con propiedade nun contexto sociocultural máis amplo.

Na nosa zona é evidente a veciñanza e os vínculos con Portugal tanto por motivos laborais, profesionais, culturais, turísticos e educativos, como familiares. Por iso o ensino do portugués é unha necesidade crecente na Galiza, especialmente en zonas como a Eurocidade de Tui-Valença cun amplo e intenso contacto comercial e laboral.

Agora ben, aínda que as relacións comerciais constitúen en por si unha razón de peso, non debe ser este o obxectivo que prevaleza por riba do interese cultural. O dominio do portugués non só é importante para ampliar as posibilidades de acceso a novas relacións interprofesionais en Portugal, senón que tamén favorece unha mentalidade máis aberta e plural e permite comprender moito mellor as fondas raigames da nosa propia lingua galega e as fondas raíces culturais que nos unen aos nosos veciños.

Moita xente descoñece que o portugués é un dos idiomas máis utilizados no mundo – por diante do alemán e francés- e que hoxe en día rexistra un número crecente de persoas en moitos países que queren aprendelo. En España destacan sobranceiramente os estremeños na potenciación do estudo do portugués como lingua estranxeira no ensino medio. Os galegos non debemos quedar atrás neste

proxecto e temos que pór máis interese en fomentar iniciativas, co apoio a fondo da Consellaría de Educación, que promocionen máis a lingua irmá no noso país, para que sexamos pioneiros no ensino do portugués como lingua optativa no ensino en España, pois é un investimento con futuro para todos nós.

Tampouco se debería ceder a promoción do portugués aos profesores voluntarios-as de moitos centros espallados por todo Galicia como A Guarda, Tui, As Neves, Ponteareas, ... Cómpre estender o ensino do portugués a todo o territorio galego. Indubidablemente tamén é importantísimo que se amplíen as axudas económicas para intercambios escolares e se regulen actividades de inmersión lingüística do alumnado (tal como se fai en Extremadura con acampamentos dunha semana) e non só reservar os investimentos para o ensino/aprendizaxe do inglés, o que demostra unha clara falta de visión de futuro para Galiza.

Pretendemos dar á aprendizaxe de portugués a súa dimensión de contribución á construción da identidade persoal libre e responsable do noso alumnado, como cidadáns/cidadás europeos, abertos a todas as linguas e culturas, abertos aos demais, e capaz de integrar as informacións que lles chegan a través do portugués nas múltiples variedades, nomeadamente co portugués europeo co que está en permanente contacto.

Ao iniciar esta etapa de educación secundaria obrigatoria, o alumnado entrará posiblemente en contacto por primeira vez coa lingua portuguesa. Trátase pois nos primeiros cursos de familiarizalo con ela para a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas para que, progresivamente, logre un dominio comunicativo suficiente para desenvolverse en situacións sinxelas e habituais da vida cotiá, e tamén noutras conectadas coas súas motivacións e intereses.

Traballando a capacidade de transferencia, o alumnado poderá ir xuntando as regularidades do portugués coas regularidades reveladas no galego actual. Por tanto, é preciso favorecer simultaneamente o uso e a aprendizaxe da nosa lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que cómpre desmontar e superar. A aprendizaxe do portugués como un permanente modelo a seguir pode resultar de grande axuda para desmontar moitos dos vellos preconceitos que califican a nosa lingua de 'illada' e con poucos usuarios.

Os contidos e criterios de avaliación deste currículo están distribuídos por cursos, cunha gradación de nivel de logro que segue as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia (MCER). Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

En cada curso, os contidos están estruturados en cinco bloques entendidos como un todo inseparable na práctica da competencia comunicativa: os bloques 1 e 2 refírense ás habilidades, tamén denominadas actividades lingüísticas, e ás estratexias que as poñen en funcionamento. Entre estas atópase a iniciación á actividade de mediación informal, como medio de entendemento intercultural. O bloque 3 establece os coñecementos da lingua e os estándares de aprendizaxe e as tarefas de aprendizaxe necesarias para realizar as actividades lingüísticas ou destrezas e, finalmente, o bloque 5 refírese aos aspectos

relacionados cos costumes, formas de relación social, usos, actitudes, valores, crenzas e particularidades de países lusófonos nos que se fala o portugués. Cómpre sinalar o valor esencial deste bloque para promover a tolerancia e a aceptación de formas de vida diferentes cunha perspectiva pluricultural.

A materia de Segunda Lingua Estranxeira tal como a define o MCER, supón o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporar o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

### **Obxectivos**

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento.

O ensino da segunda lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender mensaxes orais claras e sinxelas, relativas ás situacións de comunicación máis habituais ou que conteñan información básica sobre o contorno próximo familiar e social e producidas por falantes ou por medios de reprodución e de comunicación.
2. Utilizar oralmente o portugués co fin de satisfacer necesidades básicas de comunicación tanto en interaccións reais e propias da aula, como en interaccións simuladas que reproduzan situacións reais cotiás e interaccións sociais básicas, producindo textos comprensibles e amosando interese por comprender e facerse comprender.
3. Comprender mensaxes escritas relativas a situacións habituais de comunicación expresadas en diferentes tipos de texto, identificando cunha finalidade comunicativa concreta as informacións globais e específicas que transmiten os textos.
4. Escribir textos sinxelos con cohesión e coherencia e que respecten as regras do código escrito.
5. Ler de forma comprensiva e cada vez cun maior grao de autonomía textos adecuados ás capacidades e intereses co fin de obter informacións requiridas previamente, ao mesmo tempo que afianzamos os hábitos de lectura para o mellor aproveitamento da aprendizaxe.
6. Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación e valoralo como elemento que facilita a aprendizaxe e mellora as producións propias.
7. Comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala portugués cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos

da cultura galega para cumprir, se é o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais.

8. Usar estratexias de aprendizaxe xa aprendidas noutras linguas e desenvolver e ampliar outras mediante a comparación e contraste entre as diferentes linguas do currículo, aplicando a experiencia previa nesas linguas á aprendizaxe dunha nova lingua estranxeira.

O alumnado terá de empregar estratexias de comunicación de forma natural e sistemática coa fin de facer eficaces os actos de comunicación realizados a través das distintas destrezas comunicativas. Estas serán: **productivas** (expresión oral e escrita) e **receptivas** (comprensión oral e escrita) e **interactivas** (producción de textos orais e escritos).

A **comunicación oral** será unha das máis traballadas na ESO. Ao mesmo tempo realizaranse actividades de lectura e de expresión escrita, dirixidas a aprendizaxe de léxico e ortografía.

Por tratarse dunha etapa obrigatoria, e como os/as alumnos/as teñen diferentes capacidades, diferentes niveis de competencia comunicativa e diferentes intereses, non seguiremos unha focalización metodolóxica única senón que procuraremos garantir o equilibrio entre as catro destrezas e telas en conta á hora da avaliación.

Nestes primeiros anos, os obxectivos son bastante modestos. Pretendemos acadar na ESO o nivel A2 do cadro das linguas europeas, reforzando desde primeiro da ESO aspectos indicados na programación.

Dadas a aínda escasa publicidade do portugués como lingua opcional na ESO a través das escolas ou da propia familia, o alumnado matriculado é sempre unha minoría. Neste ano aumentou algo o número de matriculados en 1º (33), 3 deles son repetidores e uns cantos van coa PT. En 2º da ESO hai 4 repetidores, dous alumnos novos proceden de francés, polo que non acadaron o nivel básico na preavaliación. En terceiro da ESO hai 12 alumnos, e en 4º, que volvemos recuperar, hai 9. Dadas as características do alumnado deste curso, uns 4 ou 5 portugueses ou con familia portuguesa ou brasileira, que non a deben estudar como se fose unha lingua estranxeira, e o resto alumnos galegos, procuraremos ir adaptando os materiais ás diversas capacidades do alumnado. En conxunto todos eles/elas deben:

- Expresarse por escrito cunha corrección mínima en portugués.
- Comprender textos orais do día a día e aprender a percibir o portugués do Brasil ou doutros países lusófonos.
- Ler e comprender obras literarias cun vocabulario adecuado ao seu nivel. A escolloa terá en conta os clásicos infantís portugueses.
- Adquirir un mínimo de léxico que lles permita expresarse oralmente en portugués en situacións diversas e comúns.
- Participar en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e reproducir conversas planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou temas de actualidade. Por exemplo, ir comprar a unha papelería material escolar.
- Coñecer a realidade dos países lusófonos a través de investigación no Google Earth, o Google Lit Trips e outras ferramentas da internet.
- Concienciarse da importancia da lingua portuguesa a nivel mundial. Respetar o pobo veciño e a súa cultura, evitando actitudes xenófobas, etnocéntricas e androcéntricas.

## CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Para esta programación tivemos en conta o *DECRETO 86/2015*, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria, e seguimos as recomendacións dadas sobre “as competencias clave que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

É evidente que a materia de portugués está relacionada directamente coa competencia en comunicación lingüística, pero, debido aos seus trazos comunicativos, sociais e culturais, tamén contribúe ao desenvolvemento doutras competencias como a *competencia de aprender a aprender (CAA)*, como o primeiro paso para unha eficaz aprendizaxe autónoma e ao longo da vida; a do tratamento da información e *competencia dixital (CD)*, a *competencia social e cívica (CSC)*, a *competencia da conciencia e expresións culturais (CCEC)* e a do *sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)*.

De maneira máis tanxencial tamén contribúe á *competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)*, especialmente mediante a utilización do portugués como instrumento de formación noutros contidos do currículo e coa asistencia a cursos no país veciño (no Aquamuseum, en Vila Nova de Cerveira, na participación en formacións no Ciência Viva, Vila do Conde, ou mesmo no Pavilhão do Conhecimento, en Lisboa, e cos intercambios con escolas da outra marxe do Miño).

De feito, moitas das actividades propostas na aula teñen, entre outros, os seguintes obxectivos prioritarios:

### 1. *Tratamento da información e competencia dixital (CD)*

- Potenciar a aprendizaxe e o rendemento persoal destes alumnos nas competencias básicas, especialmente as lingüísticas, utilizando as tecnoloxías da información e comunicación como elemento motivador.
- Potenciar o uso do computador como unha ferramenta de aprendizaxe, e non só para o xogo, por parte dos alumnos.
- Propoñer o uso da informática como vehículo de fomento da colaboración e a axuda entre os alumnos para así contribuír á superación de desigualdades.
- Saber utilizar responsablemente as novas tecnoloxías como medio para acceder a unha máis ampla e mellor información así como a súa correcta selección, de acordo coa tarefa solicitada.

### 2. *Competencia social e cívica (CSC)*.

- Potenciar a capacidade de resolución de problemas, isto é, a disposición e habilidade para enfrontarse e dar resposta a unha situación mediante a organización ou aplicación dunha estratexia operativa para encontrar unha solución aos conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e de calquera tipo de violencia.
- Mellorar a capacidade de relación interpersoal para interaccionar con outros/as establecendo un trato adecuado, atento e empático. Deben saber manter as formas nun debate, nunha asemblea, ... Deben aprender a cooperar e convivir como cidadáns/cidadás dun estado laico e democrático. Deben respectar outras persoas procedentes de países diferentes con linguas diferentes.
- Evitar os comportamentos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Aprender a aceptar e acatar as decisións adoptadas polo grupo.

- Asentar e ampliar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

### **3. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

18. Mellorar a capacidade de organización do traballo: a disposición e habilidade para crear as condicións adecuadas para realizar as tarefas de forma eficaz e eficiente.
19. Valorar a responsabilidade no traballo.
20. Aprender a traballar en equipo (en pequenos grupos ou gran grupo): a habilidade para colaborar de forma coordinada con outros alumnos/as na realización de tarefas para obter un obxectivo común.
21. Ampliar a capacidade de autonomía para realizar unha tarefa de forma independente e executala completamente sen necesidade de recibir axuda ningunha.
22. A capacidade de iniciativa no traballo: a disposición e habilidade para tomar decisións e buscar estratexias.

### **CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

A programación a seguir vai dirixida aos alumnos/as da ESO –de acordo coas propostas suxeridas nos novos currículos da Educación Secundaria e Bacharelato de acordo cos novos currículos da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora de Calidade Educativa (LOMCE) e as propostas do BOE num.25, do 29 de xaneiro de 2015, e a orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, que describe as relacións entre as competencias , contidos e os criterios de avaliación da ESO.

Ao longo dos tempos dedicados en cada avaliación ao ensino do portugués (2 sesións de 55 minutos á semana, en 1º, 2º e 3º; e tres sesións á semana en 4ª) iremos distribuindo a aprendizaxe das habilidades comunicativas e as reflexións metalingüísticas en conxunto.

Non traballaremos a lingua seguindo un manual gramatical clásico, senón que planificaremos a exposición dos contidos sobre a lingua e as estruturas da lingua tendo en conta obxectivos funcionais (localizar, describir, pedir información, reservar, expresar preferencia, facer compras, dar ordes, etc.). Os textos, as súas características e organización, as actividades de diferentes modalidades de lectura (recreativa, orientada ou de información), as prácticas da oralidade na interacción regulada, e as prácticas da escrita expresiva e lúdica, baséanse nos distintos manuais e cadernos de actividades dedicados ao ensino do portugués como lingua estranxeira e, por iso, a orde proposta na temporalización e secuenciación é a orde dos libros de texto propostos para este curso escolar.



## 1º ciclo ESO: Segunda Lingua estranxeira: Português

Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe avaliábeis

### 1º ESO

#### Bloque 1. Comprensión de textos orais

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<p>▪ B1.1. Uso de <b>estratexias de comprensión das mensaxes orais</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</li> <li>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</li> <li>– Identificación de palabras chave.</li> <li>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</li> <li>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</li> <li>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.</li> </ul> <p>▪ B1.2. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p>	<p>▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala, a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <p>▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <p>▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p>PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.</p> <p>PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.</p> <p>PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.</p> <p>PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa,</p>	<p>•CCL •CD •CAA •CC</p> <p>•CCL •CAA •CCEC</p> <p>•CCL •CD •CAA •CCEC</p> <p>•CCL •CAA •CCEC</p> <p>•CCL •CAA</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</li> <li>▪ B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.</li> <li>▪ B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes</li> </ul>	<p>descricións, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.</p> <p>PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CCEC</li> <li>▪CCL</li> <li>▪CAA</li> <li>▪CCEC</li> </ul>
--	--	--	--

## Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

	riterios de avaliación	estándares de aprendizaxe	
<p>textas de produción:</p> <p>1. n do contexto, do destinatario e da finalidade da a interacción. do texto ao destinatario, canle, expoñentes lingüísticos a lograr a mensaxe con nguindo a súa principais e a ásica.</p> <p>os coñecementos modelos e secuencias e üísticos previamente memorizados. a mensaxe con claridade estruturándoa adecuadamente de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.</p>	<p>ciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan quevez.</p> <p>ctuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.</p> <p>ar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, plicacións as sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos,</p> <p>ez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario lograr a finalidade da comunicación.</p>	<p>maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da llingua portuguesa nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes e lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e os oíntes sobre o contido das súas presentacións.</p> <p>envólvese sen dificultade evidente en xestións e</p>	

<p>refa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos disponibles.</p> <p>ón das carencias lingüísticas mediante procedementos parasolicitar</p> <p>de palabrasde significado parecido.</p> <p>u parafrase unha expresión.</p> <p>os:</p> <p>xuda ou clarificación.</p> <p>de obxectos,uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.</p> <p>axe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>entos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>mentos prosódicos sinxelos (pausas,ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</p> <p>ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas.</p>	<p>textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia</p> <p>sica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evimunicativas, dentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <p>egar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes).</p> <p>xar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves</p> <p>n situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.</p> <p>ar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p>	<p>transaccións cotiás básicas, e información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, compras e lecer, seguindo esía básicas</p> <p>ento).</p> <p>blece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.</p> <p>icipa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece</p> <p>l, intercambia información sa opinións, fai invitacións e ofrecementos e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións</p> <p>cas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade</p> <p>abora coas demaispersoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>	
---	--	--	--

### Bloque 3: Comprensión de textos escritos

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial:</li> <li>imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</li> <li>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</li> <li>– Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.</li> <li>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</li> <li>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</li> <li>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</li> <li>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</li> </ul>	<p>B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.).</li> <li>▪ B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.</li> <li>▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.</li> <li>▪ B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito</li> </ul>	<p>PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).</p> <p>PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> <p>PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.</p> <p>PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.</p>	

	<p>público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados e ao nivel escolar.</li> </ul>	<p>PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.</p> <p>PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.</p>	
--	--	---	--

#### **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Planificación.</li> <li>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</li> <li>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</li> <li>– Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos.</li> <li>– Execución.</li> <li>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</li> <li>– Estruturación do contido do texto.</li> <li>– Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</li> <li>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</li> <li>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</li> <li>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo “agora volvo”, “xa nos veremos”, etc.).</li> <li>– Revisión: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificación de problemas, erros e repeticións.</li> <li>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</li> <li>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</li> <li>– Reescritura definitiva.</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>	<p>B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.</li> <li>▪ B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.</li> <li>▪ B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais.</li> <li>▪ B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás</li> </ul>	<p>PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese</p> <p>PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).</li> <li>▪ PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais</li> </ul> <p>PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou si-mulado (por exemplo, con amigos/</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

	<p>marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital</p>	<p>as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p> <p>▪ PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación</p>	
--	---	---	--

### Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<p>▪B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos básicos. – Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. ▪ B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas. – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións</p>	<p>▪ B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións. ▪ B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centrodocente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións). ▪ B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. ▪ B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos</p>	<p>PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>▪ PLB5.2. Utiliza o portugués na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.</p> <p>▪ PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias do portugués no proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra,</p>	<p>▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC</p> <p>▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC</p> <p>▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC</p>

<p>artísticas dos países onde se fale o portugués.</p> <p>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala o portugués e o noso– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>▪ B5.4. Plurilingüismo: – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>▪ B5.5. Funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais, descrición de estados e situación presentes, e expresión básica de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias. – Expresión do coñecemento, a Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. – Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: – Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua</p>	<p>culturais máis visibles dos países onde se fala o portugués e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.</p> <p>▪ B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>▪ B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p>▪ B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado.</p> <p>▪ B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares</p>	<p>fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).</p> <p>▪ PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua portuguesa, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p> <p>▪ PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua.</p> <p>PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).</p> <p>▪ PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p> <p>▪ PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC</p> <p>▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC -</p> <p>▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC</p> <p>▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC</p>
---	--	---	--



<p>e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>– Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p> <p>▪ B5.7. Estruturas sintácticodiscursivas propias de cada idioma</p>	<p>como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais</p>		
---	--	--	--

## 1. Habilidades comunicativas.

- Identificación de distintos tipos de textos: descritivos, narrativos, conversacionais, etc. : Cartas, postais, diarios, historias, ...
- escoita atenta de textos para captar informacións xerais (identificación de informacións falsas e verdadeiras).
- Interacción con outros interlocutores na aula de forma controlada, baseándose en indicacións proporcionadas sobre o vocabulario e o tipo de mensaxe que se debe transmitir.
- Aceptación de erros propios sobre os que debe reflexionar.
- Desenvolvemento da expresión escrita nun nivel asequible, organizando as frases e os parágrafos proporcionados.
- Identificación de marcas de identidade cultural portuguesa.

## 2. Coñecementos de lingua e actividades lingüísticas

Gramática e funcións da linguaxe.

- Comprender e utilizar fórmulas sociais: saúdos, presentacións e despedidas.

- Saudar, cumprimentar, presentarse, contestar a saúdos e presentacións. Identificar e indicar os graos de parentesco. Pronomes persoais do suxeito. Formas verbais regulares en presente de indicativo. Verbos **ser**, **ter** e **estar**. O determinante artigo definido e indefinido. Xénero dalgúns nomes. Formación do plural. Os xentilicios.

- Comprender informacións sobre horarios e rotinas.

- Comprender informacións sobre transportes (horarios, prezos, destinos).

- Dar e comprender informacións persoais. Preguntar e dicir a data. Os numerais cardinais (1 ao 100). Os pronomes interrogativos. A frase interrogativa.

- Dar, pedir e comprender instrucións e dirección (morada, teléfono, ..). Formas de tratamento social (tu, você, vós, vocês, o senhor, a senhora, ...). Pronomes demostrativos. Os adverbios de lugar.

- Describir e comparar lugares (ciudades, países), cousas, persoas, etc. Describir sentimentos e estados físicos. Describir a casa propia, tipos de casas. Mobiliario. Partes da casa. Situar no espazo obxectos e persoas. Adxectivos cualificativos. A comparación (*o maior, o pior, o melhor*). O verbo **Haver**. Diferenzas entre **Ser** e **Estar**. Preposicións e locucións preposicionais de lugar (*em cima de, junto a, por cima de...*). O campo léxico da familia. O corpo humano. Léxico de tipos de casas, mobiliario, materiais, ...

- Describir accións no presente. Falar de acción en curso, de acción/situación simultáneas) Contrastar accións habituais. O infinitivo. Perífrases de **estar a+ inf.** Días da semana, meses do ano, comidas do día. Adverbios de modo (*bem, mal, pior, melhor, ...*).

- Localizar accións pasadas no tempo. Describir e narrar experiencias persoais puntuais no pasado. Pret. perf. simple dos regulares e verbos **Ir, Vir**, Adverbios e locucións (*nunca, jamais, em breve, ...*)

- Expresar gustos, desexos e intencións. Os numerais ordinais. O verbos **gostar de** + nome/ infinitivo. Verbos **adorar, odiar, detestar** + nome/infinitivo. O Futuro simple do indicativo e perífrase **ir+ inf..** Adverbios (*amanhã, depois, ...*)

- Falar sobre espazos na escola/actividades. Indicar o horario escolar. Describir a propia escola. Dar opinión sobre a escola. Obxectos da escola. Material escolar. Disciplinas. Verbos regulares **ler, estudar, pesquisar, navegar, ensinar, abrir, encerrar.**

- Comprender conversas ao teléfono.
- Expresión de relacións lóxicas: adición (*e, nem*); disxunción (*ou*); oposición/ contraste (*mas*); causa (*porque*); comparación (*mais/menos/ tão + Adj./Adv.+ (do) que/ como /quanto; maior / mais pequeno...*).
- Relacións temporais (*antes, agora, depois*).
- Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas).
- Exclamación (formas elípticas: *Que (+ Subst.) +Adj., p. ex. Que dia lindo!;Que gentil!*).
- Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca*).
- Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex. *Quem fez o quê? Para que é isso?*)).
- Expresión do tempo: pasado (perfeito simples); presente (presente).
- Expresión do aspecto: durativo (*estar a + Inf.*)
- Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); permiso (poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.); intención (pensar +Inf.; querer + Inf.).
- Expresión da existencia (p. ex., *ser, estar, haver/ter*); a entidade (substantivos contables/incontables); pronomes (tónicos); determinantes.
- Expresión da cantidade (singular/plural; numerais cardinais e ordinais).
- Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia).
- Expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo (momento puntual (p. ex. *Em 1999*), divisións (p. ex., días, meses) e indicacións (p. ex., *atrás, cedo, tarde*) de tempo; anterioridade (ontem); posterioridade (*depois, logo*) Expresión do modo (expresións, preposicións elocucións prepositivas de modo, p. ex., *devagar, pior*).

#### Léxico.

- Linguas, países e nacionalidades
- A familia. Graos de parentesco
- Obxectos e actividades da sala de aula
- Horas e días da semana. Estacións do ano.
- Profesións.
- Números. Numerais cardinais (0-100) e ordinais (1-20).
- Tempo e natureza. Días da semana e meses do ano.
- Informática.
- As comidas do día.
- Tempo meteorolóxico.

## Fonética e ortografía

- O alfabeto. Nome das letras
- Os sons vocálicos
- Os ditongos nasais
- As consoantes
- Acento tónico e gráfico

### 3. Aspectos socioculturais.

- Comparación entre elementos culturais galegos e portugueses. Identificación de características similares. Marcas culturais portuguesas fronte aos do teu país. Festividades.
- Adecuación de usos socioculturais portugués.
- Diferenciación de usos formais e informais.
- Uso de fórmulas axeitadas nas relacións sociais.
- Respecto cara aos costumes e tradicións diferentes dos galegos: horarios de comidas, rotinas diarias, ...

### 4. Costumes, usos, actitudes, valores e crenzas.

- Valorar a importancia de comunicarse en portugués pola proximidade fronteiriza.
- Amosar unha bosa disposición para mellorar a expresión oral e escrita.
- Ter unha actitude crítica e reflexiva sobre a lingua portuguesa e os seus valores literarios.
- Valorar a comunidade cultural galego-portuguesa.

## 2º curso da ESO

### Bloque 1. Comprensión de textos orais

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<p>▪ B1.1. <b>Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.</li> <li>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</li> <li>– Identificación de palabras chave, da información esencial.</li> <li>– Distinción do sentido global, da información esencial, os puntos principais dos detalles non relevantes).</li> <li>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</li> <li>– Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a</li> </ul>	<p>▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: Identificación da información esencial, do puntos principais, os detalles relevantes en textos orais breves, transmitidos por medios técnicos, a velocidade media, nun rexistro formal ou informal sobre asuntos cotiáns en situacións habituais, con axuda dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala, a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que estea moi familiarizado/ a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p>PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de anuncios, instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas e breves articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con xestións cotiáns (en hoteis, tendas, farmacia, restaurantes ...).</p>	<p>▪CCL ▪CD ▪CAA ▪CC</p> <p>▪CCL ▪CAA ▪CCEC</p> <p>▪CCL</p>

<p>partir de elementos significativos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</li> <li>▪ B1.3. <b>Funcións comunicativas:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación de relacións persoais e sociais.</li> <li>- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, lugares e obxectos.</li> <li>- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais.</li> <li>- Expresión de sucesos futuros</li> <li>- Petición e ofrecemento de información, indicación, opinións, consellos, advertencias ...</li> <li>- Formulación de suxerencias, desexos e condicións, hipóteses, opinións e preferencias.</li> </ul> </li> <li>▪ B1.4. <b>Estruturas sintáctico discursivas:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- léxico oral de uso común relativo ao corpo humano, caracterización persoal, identificación, vivenda, fogar, actividades de lecer, viaxes e vacacións, saúde e coidados físicos; compras e actividades; alimentación; transporte</li> </ul> </li> </ul> <p>Patróns sonoros, acentuais e rítmicos de pronuncia e entoación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para a comprensión do sentido xeral do texto, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto</li> <li>▪ B1.3. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</li> <li>▪ B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.</li> <li>▪ B1.6. Distintuir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto así como os patróns discursivos relativos á organización textual (introdución, desenvolvemento e peche textual).</li> </ul>	<p>PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.</p> <p>PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación de programas televisivos, noticias, documentais...) cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.</p> <p>PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.</p> <p>PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪CD</li> <li>▪CAA</li> <li>▪CCEC</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪CCL</li> <li>▪CAA</li> <li>▪CCEC</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪CCL</li> <li>▪CAA</li> <li>▪CCEC</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪CCL</li> <li>▪CAA</li> <li>▪CCEC</li> </ul>
---	---	---	---

## Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<p>▪ <b>B2.1. Estratexias de produción:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Planificación. <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</li> <li>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</li> <li>– Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</li> </ul> </li> <li>● Execución. <ul style="list-style-type: none"> <li>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</li> <li>– Expresión da mensaxe con claridade estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.</li> <li>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</li> <li>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos</li> <li>-Modificar palabras de significado parecido</li> <li>- Solicitar axuda</li> <li>– Definición ou parafrase dun termo ou unha expresión.</li> <li>– Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Petición de axuda ou clarificación.</li> <li>– Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>	<p>B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan quevez.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.</li> <li>▪ B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación.</li> </ul> <p>B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro formal ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e planos sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evimunicativas, dentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p>	<p>PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua portuguesa nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.</p> <p>PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).</p> <p>PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non o comprendne, e pide aclaracións se non entende algo.</p> <p>PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

<p>– Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>– Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>– Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>▪ <b>B2.3. Funcións comunicativas:</b> Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. Descrición de calidades físicas ou abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>-Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais; descrición de estados e situacións presentes; expresión de sucesos futuros.</p> <p>. - Formulación de suxerencias, desexos e condicións, hipóteses, opinións e preferencias.</p> <p>▪ <b>B2.4. Estruturas sintáctico discursivas:</b></p> <p>- léxico oral de uso común relativo ao corpo humano, caracterización persoal, identificación, vivenda, fogar, actividades de lecer, viaxes e vacacións, saúde e coidados físicos; compras e actividades; alimentación; transporte</p> <p>▪ B2.5. Discriminación de patróns sonoros, acentuais e rítmicos de pronuncia e entoación.</p>	<p>▪ B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes).</p> <p>▪ B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabrase fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.</p> <p>▪ B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>▪ B2.8. Recoñer o léxico oral de uso común relativo aos asuntos cotiás e a temas xerais relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións.</p> <p>▪ B2.9. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común no portugués europeu.</p>	<p>sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p> <p>PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>	
--	--	---	--

### Bloque 3: Comprensión de textos escritos

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<p><b>B3.1. Estratexias de comprensión:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial:</li> <li>– Organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</li> <li>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</li> <li>– Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.</li> <li>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</li> <li>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</li> <li>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</li> <li>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul> <p>▪ <b>B3.2. Uso de técnicas</b> como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</p>	<p>B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>▪ B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.).</p> <p>▪ B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.</p> <p>▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.</p> <p>▪ B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).</p> <p>PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> <p>PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario para a súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.</p> <p>PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.</p> <p>PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.</p> <p>PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas</p>	

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados e ao nivel escolar.</li> </ul>	para a xente nova) de historias de ficción.	
--	---	---	--

#### Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<ul style="list-style-type: none"> <li>♣ a</li> <li>♣ c</li> <li>♣ d</li> <li>♣ i</li> <li>♣ o</li> </ul>	<p>♣ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: – S o n s e fonemas vocálicos. – S o n s e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos máis básicos. – Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>♣ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: – U s o d a s normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>♣ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Recoñecemos ento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ♣ B5.4. Plurilingüismo: – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas</p>	<p>♣ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a c o m u n i c a c i ó n , e q u e a s p e r s o a s interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>♣ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>♣ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os c o ñ e c e m e n t o s s o c i o c u l t u r a i s e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía máis básicas nos e respectivos contextos. ♣ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ♣ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>♣ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p>	<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que se distinguen en fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>S L E B 5 . 2 . Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir</p> <p>♣ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>♣ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>♣ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, disculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CCL</li> <li>♣ CAA</li> <li>♣ CSC</li> <li>♣ CCEC</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CCL</li> <li>♣ CAA</li> <li>♣ CSC</li> <li>♣ CCEC</li> <li>♣ CD</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CCL</li> <li>♣ CAA</li> <li>♣ CSC</li> <li>♣ CCEC</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CCL</li> <li>♣ CAA</li> <li>♣ CSC</li> <li>♣ CCEC</li> <li>♣ CSIEE</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>♣ CCL</li> <li>♣ CAA</li> <li>♣ CSC</li> <li>♣ CCEC</li> </ul>



	<p>que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ♣ B5.5. Funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición</p>			
--	---	--	--	--

### 1. Habilidades comunicativas.

- Identificación de distintos tipos de textos: descritivos, narrativos, conversacionais, etc. : Cartas, postais, diarios, historias, ...
- Escoita atenta de textos para captar informacións xerais (identificación de informacións falsas e verdadeiras).
- Interacción con outros interlocutores na aula de forma controlada, baseándose en indicacións proporcionadas sobre o vocabulario e o tipo de mensaxe que se debe transmitir.
- Aceptación de erros propios sobre os que debe reflexionar.
- Desenvolvemento da expresión escrita nun nivel asequible, organizando as frases e os parágrafos proporcionados.
- Identificación de marcas de identidade cultural portuguesa.

### 2. Coñecementos de lingua e actividades lingüísticas

#### Gramática e funcións da linguaxe.

- Expresión de relacións lóxicas: adición (não só...como também; não só... também); disxunción (ou, ou...ou); oposición /concesión (mas, mesmo assim;... embora); causa (por causa disso; daí que); finalidade (para + Inf.; para que); comparación (mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto; superlativo relativo (p. ex., o rapaz mais distraído da turma); resultado (assim, portanto); condición (se, sem); discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes).
- Relacións temporais (enquanto, antes que, depois que, logo que, até que, sempre que). ♣ Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; frases impersoais).
- Exclamación (formas elípticas: Que + Subst. + (tão) + Adj., p. ex. Que diatão lindo!); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. Ei, esta é a minha bicicleta!; Magnífica bolsa!).
- Negación (sentenzas declarativas negativas con não, nunca; (não) nada, nenhum (a), ninguém), nem.
- Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., De quem é a culpa?); interrogativas tag (p. ex., Isto é fácil, não é?); interrogativas eco).

- Expresión do tempo: pasado (pretérito imperfecto, perfeito simples e perfeito composto e pretérito maisque-perfeito composto); presente (presente); futuro (futuro simple; (+Adv.); haver-de). Ç
- Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro simples, pretérito imperfecto e pretérito perfeito composto do indicativo (+ Adv.); andar a + Inf.; ir + Ger.); habitual (tempos simples (+ Adv.); costumar+ Inf.); incoativo (desatar a + Inf.); iterativo (pretérito imperfecto do indicativo; voltar a + Inf.); terminativo (pretérito perfeito simplescomposto e pretérito maisque-perfeito composto; vir de + Inf.).
- Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (é capaz / incapaz de + Inf.; saber); possibilidade/ probabilidade (ser possível / impossível + Inf.; tal vez); necessidade (ser preciso / necessário + Inf.); obrigación (ser obrigatório + Inf.; imperativo); permiso (poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.); prohibición: (não) ser possível /permitido + Inf.); intención (pretérito imperfecto gostar de + Inf.; tratar de + Inf.; pensar + Inf.).
- Expresión da existencia (p. ex., existir, dar-se); a entidade (substantivos contables /incontables/colectivos/com postos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/ tónicos); determinantes; a calidade (por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo).
- Expresión da cantidade. Palabras compostas em plural. (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. bastante, a maior parte de, mais o menos. Grao: p. ex. consideravelmente; bastante bem) Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).
- Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., meiodia), divisións (p. ex., período, fim de semana) e indicacións de tempo (p. ex., atrás, cedo); duración (p. ex., até; entre... e); anterioridade (anteontem, já); posterioridade (mais tarde, na semana que vem); secuencia (em primeiro lugar, depois, em último lugar); simultaneidade (naquele momento); frecuencia (p. ex., cada semana).
- Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., á pressa).

#### Léxico.

- Ambientalismo e ecologismo. A poluição. A mudança do clima. A reciclagem do lixo.
- Emprego. Ferramentas.
- O sistema político português. Divisão administrativa.
- Emigração. Causas e consequências. Sucesso e insucesso na emigração. O trabalho infantil.
- Costumes, tradições portuguesas, santos padroeiros e pratos típicos.
- Férias e feriados. Turismo, destinos e viagens. Museusa visitar.
- A vida urbana. Grandes cidades e serviços.
- Educação. O sistema educativo em Portugal.
- Meios de comunicação. Jornais, revistas, televisão e cinema.

#### Fonética e ortografia

- Os sons vocálicos de **a, e, o**.
- Palabras con pronuncia diferente da letra **o**, no singular e no plural.
- Repaso da escrita de ç e ss.
- As consoantes. Diferentes pronuncias da letra x (taxi, xaile, máximo, exemplo).
- Palabras parónimas e homófonas.
- Acentuación do i (egoísta, período, ...).
- Revisão da acentuação com acento circunflexo ou agudo.

### 3. Aspectos socioculturais.

- Comparación entre elementos culturais galegos e portugueses. Identificación de características similares. Marcas culturais portuguesas fronte aos do teu país. Festividades.
- Adecuación de usos socioculturais portugués.
- Diferenciación de usos formais e informais.
- Uso de fórmulas axeitadas nas relacións sociais.
- Respecto cara aos costumes e tradicións diferentes dos galegos: horarios de comidas, rotinas diarias, ...

### 4. Costumes, usos, actitudes, valores e crenzas.

- Valorar a importancia de comunicarse en portugués pola proximidade fronteiriza.
- Amosar unha bosa disposición para mellorar a expresión oral e escrita.
- Ter unha actitude crítica e reflexiva sobre a lingua portuguesa e os seus valores literarios.
- Valorar a comunidade cultural galego-portuguesa e as posibilidades ofertadas pola lusofonía (literatura, música, viaxes ...).

## 5. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Tendo en conta os distintos niveis do alumnado ao fin do curso flexibilizarei os contidos mínimos para poder atender a diversidade do alumnado.

En 1º ESO:

- O alfabeto. Nomes das letras e pronuncia dos sons. Regras básicas.
- Os artigos definidos e indefinidos
  - O nome. Xénero e número
  - Os posesivos e demostrativos
  - Os pronomes persoais suxeito
  - Presente de indicativo dos verbos irregulares *SER, TER, ESTAR, HAVER, ...*
  - Presente de indicativo dos verbos regulares: morar, escribir, partir, ficar, gostar de, adorar, ...
  - Contraccións das preposicións **de, em, por** e **a**.
  - Numerais cardinais
- Datas. Dias da semana. Meses do ano e estacións do ano.
  - As cores
  - Mobiliario da escola. Material escolar
  - Comercios e locais

En 2º ESO:

- Alfabeto e sons. Ortografía e regras ortográficas dalgúns sons
- O xénero dalgúns nomes e os plurais das palabras rematadas en consoante –L e ditongo –ño
- Os artigos e a contraccións coas preposicións
- Os adxectivos comparativos. Formas especiais de inferioridade e superioridade

33. Os demostrativos e posesivos.
34. Os numerais cardinais e ordinais
35. Os pronomes persoais con función de CD e CI
36. O pretérito imperfecto de indicativo
37. O futuro próximo
  - O pretérito perfecto simple dos verbos regulares e irregulares
38. Adverbios de lugar, de tempo
39. Corpo humano. Estados físicos
40. Alimentos e comidas
41. Servizos e comercio
42. Restaurantes
43. Medios de transporte
44. Deportes e lecer
45. Espectáculos
46. Viaxes e vacacións

En 3º da ESO:

- O alfabeto. Distintas grafías para o mesmo son. Mesmo son distintas grafías. Os cambios no novo **Acordo Ortográfico**

- A acentuación gráfica. Eliminación dalgúns acentos gráficos
- O uso do hifen
- O sistema verbal. Verbos regulares e irregulares
- Os pronomes relativos e indefinidos
- Usos especiais de determinadas preposición (*a, por, para, de, em*)
- A Escola. Material. Os estudos medios e superiores
- A vivenda. Tipos de casas en Portugal. Partes da casa. Mobiliario
- A cidade. Establecementos e locais
- As vacacións. Tipos de hoteis
- O tempo meteorolóxico
- Os meses, os días e as estacións do ano
- As horas
- Animais domésticos e salvaxes. Animais mascota
- Os deportes. Os deportes de risco
- As partes do corpo
- Os alimentos e bebidas. Horarios de comidas. As compras.
- Medios de transporte.
- O tempo de lecer. Vacacións
- As novas tecnoloxías
- A saúde e as doenzas. Profesionais da saúde

En 4º da ESO:

- Tempos libres e viagens.
- Alimentación. Pratos típicos de Portugal.
- Educación e emprego.

- O sistema político portugués. Divisão administrativa.
- Costumes, tradicións e festas portuguesas.
- Férias e feriados. Turismo, destinos e viaxens.
- As cidades e servizos.
- Educación.
- Meios de comunicación. Jornais, revistas, televisión e cinema.
- Repaso do sistema verbal. Uso do presente, pretérito, infinitivo persoal e futuro de conxuntivo.
- Os sons vocálicos de **a, e, o**.
- Palabras con pronuncia diferente da letra **o**, no singular e no plural.
- Repaso da escrita de ç e ss.
- As consoantes. Diferentes pronuncias da letra x (taxi, xaile, máximo, exemplo).
- Palabras parónimas e homófonas.

## 6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Dado que a avaliación non é un acontecemento puntual, senón mais ben un proceso *continuo, progresivo e dinámico*, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora. Coa avaliación continua, avaliaremos no alumno-a os progresos realizados partindo da súa particular situación inicial e atendendo á diversidade de capacidades, aptitudes, ritmos e estilos de aprendizaxe.

Cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceremos medidas correctoras e de reforzo educativo, sempre e cando así o permita o alumno.

Ao avaliar teremos en conta as catro destrezas básicas. Non só valoraremos os resultados dos exames escritos ou textos escritos en cada avaliación. Serán avaliadas as catro competencias (ler, ouvir, escribir e falar).

O alumnado realizará distintas probas (escritas, orais, traballos, lecturas, caderno da aula) nas que mediremos:

### 1. A competencia comunicativa oral (25% da nota sobre 10):

.Pola súa participación en conversas breves utilizando as estratexias comunicativas máis adecuadas para comprender e facerse comprender. Valoraremos, sobre todo, a mellora do alumno no portugués oral, aínda que a súa intervención non sexa de todo correcta.

. Valórase a produción de enunciados orais adecuados ao contexto comunicativo. Se non quere falar, ou non sabe formular ningún enunciado nin adecualo ao contexto (0); en cambio se formula enunciados usando frases máis ou menos complexas con elevada adecuación ao contexto comunicativo (ata +2.5). Entre a mínima e a máxima nota cualificarei con notas intermedias tendo en conta aspectos positivos e/ou negativos, segundo a tarefa solicitada.

. Alén diso valorarei se domina aspectos dados na aula sobre gramática portuguesa e vocabulario. Se descoñece os contidos básicos dados na aula (0); se os aplica adecuadamente ( ata +2.5).

.Terei sempre moi en conta a capacidade do alumnado para participar de forma activa, autónoma e con eficacia comunicativa en interaccións orais, nas simulacións propostas da aula.

- A participación NON SOLICITADA ou fóra da temática proposta terá un (-1) **punto negativo** na avaliación.

## 2.A competencia comunicativa escrita (25% dos 10 puntos)

Para acadar este 2.5 puntos teranse en conta os seguintes aspectos:

A produción de textos sinxelos utilizando a gramática e o léxico aprendidos na aula (descricións, narracións, postais, avisos, ...). E ditados e outros materiais para completar aspectos relacionados coa ortografía.

. A corrección ortográfica: se ten moitos erros ortográficos (faltas leves -0,05; faltas graves - 0,10) ( ata 1 punto do 2.5 nota global).

. A corrección caligráfica: se é lexible ou non. Valórase a mellora na presentación e na caligrafía. (desde 0 a 0,50).

. O uso multifuncional da escrita: se revela grandes fallos na exposición de ideas e na construción de frases e non escribe nada ou case nada en portugués (- 1); se formula enunciados con coherencia na exposición das ideas e na construción de frases e procura escribir en portugués (+1 ).

## 3.A competencia lectora (25% dos 10 puntos).

Os 2.5. serán outorgados por:

. A lectura de textos propostos na aula. Cada texto lido voluntariamente acrecenta un positivo (+ 0,25) que se engadirá á nota final da avaliación para melloralas.

. A lectura de varias obras traídas das bibliotecas veciñas de Portugal. Para iso o noso instituto está asociado á biblioteca de Valença e Vila Nova de Cerveira. Procuero seguir moi de preto o proxecto lector de Portugal (**Plano Nacional de Leitura**), no que se traballan obras clásicas da literatura mundial e permite o acceso a libros dixitais . (0,25)

. A lectura autónoma e a capacidade de valoración dos textos como fonte de información, coñecemento e lecer. (0,25)

. A comprensión de enunciados escritos e a fluencia na lectura (se fai lectura silábica, non respecta a puntuación ou non ten ritmo). (0,25)

. A realización dunha proba por avaliación con dous textos escritos que deben interpretar (tema, datos, ideas ...) de acordó cunha grella de preguntas de verdadeiro ou falso; de procura de sinónimos; etc. (+1,50)

## 4. A capacidade de escoitar e comprender textos orais (25% de 10 puntos):

. Esta competencia trabállase utilizando audicións variadas, nomeadamente na variante do portugués estándar europeu, por medio de vídeos que teñan relación cos temas vistos na aula ( úsanse telexornais, programas da televisión, filmes, gravacións da radio, ...).

capacidade de reflexión sobre a lingua e o compoñente sociocultural

Este iten complementará positiva ou negativamente as cualificacións das competencias xa citadas anteriormente:

. Pola interpretación correcta do uso de fórmulas, normas e comportamentos que se transmiten a través da lingua. E, ademais:

- . por respectar as regras de pronunciación,
- . pola súas actitudes favorables cara ao coñecemento do portugués,
- . pola identificación de aspectos culturais que poidan aparecer nos textos.

Ademais cualificarei a maiores con outros puntos os seguintes aspectos e sumareinas á nota acadada nas probas:

- a. Se falta constantemente ás aulas ou chega tarde (0 puntos)/ se asiste con total regularidade e é puntual (ata + 0, 50puntos).
- b. Se non cumpre as regras establecidas (0 puntos)/se as cumpre celosamente (ata + 0,25 puntos).
- c. Se nunca trae o material necesario e non realiza os traballos de casa (0 puntos)/ se trae sempre o material e fai os traballos solicitados (ata + 0, 50 puntos).
- d. Se revela falta de atención (0 puntos) / se revela bastante atención (ata +0, 25).
- e. Se ten un comportamento conflitivo e é perturbador (0 puntos)/ se ten moi bo comportamento e colabora na resolución de problemas (ata +0, 50).
- f. Se non posúe sentido crítico nin revela creatividade (0 puntos)/ se posúe capacidade crítica e revela bastante creatividade (ata +0,50 puntos).

A nota negativa 0 en calquera dos seguintes itens 1.1. (asiduidade e puntualidade), 1.2. (respecto polas regras), 1.3. (organización do traballo individual), 1.4. (atención) e 1.5. (relacións interpersoais) será decisiva na nota final en caso de non chegar a un mínimo de un 1 punto (dos 2,50) en cada una das catro competencias sinaladas como principais.

Tamén a **falta de material** será penalizada como **falta leve** se durante cada trimestre ou avaliación, o/a alumno/a non trae o libro, caderno ou o material que a profesora solicite en TRES sesións consecutivas. Se continúa, durante o mesmo trimestre, a non traer o material solicitado, será considerado unha falta grave, que se remitirá á Xefatura de Estudos. Se o fai ao longo de todo o curso, non poderá aprobar só coa nota das probas ou exames feitos.

Así mesmo, a non realización de calquera das probas propostas conlevará unha nota negativa (-2.50 PUNTOS)). Igualmente, a non presentación do **caderno de aula** será valorado con -0.50 puntos ao final do curso.

<b>Tempo</b>	<b>Avaliación</b>
<b>1ª avaliación: ± 21 aulas</b> -Funcionamento da lingua -Práctica de lectura (lectura orientada, lectura para información e estudo) -Prácticas de oralidade regulada -Prácticas de audición de gravacións, lecturas, contos orais, etc.	. Entre setembro e principios de outubro: <b>Ficha de avaliación inicial (1ª)</b> <b>Observación directa (1ª)</b>  En todas as avaliacións: <b>Grellas de avaliación de comprensión oral e escrita.</b> <b>Grellas de avaliación de expresión oral e escrita.</b>
<b>2ª avaliación: ± 18 aulas</b> O mesmo sistema ca na primeira	

<b>3ª avaliación: ±25 aulas</b> idem	<b>Grella de avaliación de actitudes.</b>  <b>Avaliación sumativa de todos os itens sinalados.</b>
---	--

## 7. AVALIACIÓN INICIAL (OU DIAGNÓSTICA)

En todos os anos e niveis faremos nas primeira semanas unha avaliación inicial do estudantado. Esta servira para coñecer as características do novo estudantado de 1º da ESO. Tamén facilitará lembrar o nivel adquirido polos alumnos a partir de 2ª da ESO. A avaliación inicial servirá para determinar se o estudantado novo parte de uns coñecementos previos e se o que continúa en portugués aínda descoñece bastante a lingua obxecto de estudo.

En 1º da ESO

Entre as competencias cognitivas ás que todos alumnos/as teñen dereito e cómpre garantir na escola de forma equitativa, é o **dereito a saber ler**. A capacidade de lectura é unha das medicións aproximadas que faremos para así traballar algunhas das fragilidades detectadas nos novos alumnos.

A través de textos curtos en portugués con estruturas sintáticas e morfolóxicas simples, de tipo narrativo e dun nivel moi básico (por ex. 4º ano en Portugal) do estilo “*O disfarce dos bichos*” (de Maviael Monteiro) investigaremos se os novos alumnos que están na faixa de idade de 11-12 anos.:

1. Saben **localizar** información explícitas (expresadas literalmente ou por medio dunha paráfrase) e inferir as que están implícitas (que esixen moita máis habilidade porque hai que ler entre liñas).
2. Poden **identificar o tema** dun texto. Vou comprobar se son quen de identificar a idea central do texto, ou sexa, apreender o sentido global do texto e facer abstraccións respecto del.
3. Son quen de distinguir un **feito** narrado dunha **opinión** sobre o mesmo feito. Deben identificar entre varias opcións cal é a opinión dun personaxe sobre o propio feito narrado.
4. Saben **identificar**, entre os varios **sentidos** dunha palabra, cal é o que ten no texto.
5. Son capaces de establecer relacións entre **partes dun texto**, identificando repeticións ou substitucións que contribúen para a continuidade do texto. O alumno/a debe recoñecer os nexos, os elementos de relación anafórica, como por exemplo os pronomes persoais átonos. Estabelecer a relación causa/consecuencia entre partes e elementos do texto.
6. Perciben as relacións entre **recursos expresivos** e **efectos de sentido**, como as metáforas, a ironía, que é o que se corresponde, na verdade, ao contrario do que é explicitamente afirmado. Tamén o uso dos sinais de puntuación e outros mecanismos de notación, como o itálica, negriña, o tamaño da fonte, xa que poden ser usados para expresar sentidos variados.
7. Se perciben a variación nas **normas ortográficas** entre as linguas. Recoñecen doadamente algunhas diferenzas, sen coñecemento previo, entre as normas galega e portuguesa.
8. Se localizan e identifican as **marcas lingüísticas** que evidencian o locutor e o interlocutor dun texto. Avalío a habilidade do alumnado para identificar quen fala no texto e a quen se destina, esencialmente, pola presenza de marcas lingüísticas.

Ademais destas probas escritas, por medio da observación valoraranse outros itens, que serán anotados no caderno do profesor-a, como:



- Se teñen ou non dificultades de lectura, se fan lectura silábica ou non respectan os sinais de puntuación e o ritmo.
- Se saben interaccionar verbalmente, se son capaces de participar nun diálogo ou nunha conversa sen despistarse ou sen desviarse do tema.
- Se teñen ou non unha caligrafía lexible, se usan as maiúsculas, etc.
- Se cumpren as regras da aula, se poñen atención e se participan con interese. Se son conflictivos ou colaboran.

## **8. CUALIFICACIÓN DOS PENDENTES**

A avaliación de pendentes farase a través da cualificación dunha serie de exercicios e lecturas que lles serán enviados ao longo das dúas primeiras avaliacións. Teremos en conta tamén a **avaliación positiva** nas dúas primeiras avaliacións do curso en que estean matriculados, o que os eximirá de non ter que realizar o exame final para pendentes de 1º e 2º da ESO. Así mesmo teremos en conta a actitude e o traballo na aula para ver a súa evolución e mellora respecto do curso lectivo pendente. Isto farase nas dúas primeiras avaliacións, antes dos exames finais de pendentes.

## **9. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PARA ALUMNOS REPETIDORES**

Segundo o tipo de alumno/a repetidor/a empregaremos distintos materiais. Se o ano anterior ía ben na disciplina, normalmente porque é de orixe portuguesa e xa fala e escribe, procuraremos recomendarlles unhas lecturas, uns textos máis complexos, e o resto do traballo farao igual cós demais compañeiros/as.

Se son nenos con dificultades especiais sempre lles esixiremos menos, pero non sempre tendo que adaptar o material empregado a un nivel máis baixo, porque o que damos tampouco é moi complexo e resulta moi básico. Teremos que reforzar máis aquelas competencias nas que se detecten, despois de feita a avaliación inicial, unha maior fragilidade.

## **10. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS**

Con vistas a que o alumnado que non escolleu portugués como optativa en 1º de Bacharelato, e para lles abrir un espazo a aqueles que xa o tiveran ESO, ou que son portugueses, realizarase unha proba na que terán que demostrar os coñecementos mínimos para poderen acceder a 2º BAC. Esta proba será similar ás realizadas na Escola de Idiomas de acordo co CECR e co QuaREPE (Quadro de Referência para o Ensino do Português no Estrangeiro). Constará de catro partes nos que se valorarán a:

- A comprensión oral (cunha proba para ver se percibe ben unha audición);
- a capacidade de expresión escrita (coa redacción dun pequeno texto escrito);
- a capacidade de expresión oral (con unha presentación breve)
- a capacidade de comprensión de textos, tanto literarios coma xornalísticos.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas.

Teremos en conta, especialmente, as deficiencias específicas das rapazas (e rapaces) con dificultades na lecto-escritura por procederen doutras culturas/etnias ou por razón de xénero e pertenza ao colectivo chamado “cigano” asentado en Tui, e que escolleron portugués como opción, e teñan dificultades especiais para poderen vir ás aulas con asiduidade e normalidade e rematar a etapa.

As seguintes accións educativas axudarán a dar resposta, tanto ao estudantado que dentro dun mesmo grupo presenta diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma, como aos que teñen algún tipo de deficiencia física, psíquica ou sensorial.

**Dinámicas de grupo:** a formación de grupos de traballo unhas veces por similitude de estilos de aprendizaxe ou de idades, e outras combinando nun mesmo grupo estilos, idades e capacidades diferentes.

**O traballo por proxectos,** no que todos poidan contribuír coas súas fortalezas para a realización do produto final.

**O traballo por secuencias de tarefas de diferente grao de dificultade e temporalización** (diferentes itinerarios de aprendizaxe), relacionadas co mesmo obxectivo, de modo que cada alumno poida escoller o seu propio ritmo e nivel de dificultade.

**A atención individualizada.**

**O uso das TIC** como ferramenta de autoaprendizaxe, que permite ao estudantado determinar o seu propio ritmo e os seus intereses, e unha relación co erro menos pública mediante a realización de actividades autocorrexíbeis.

**A atención individualizada ao estudantado con deficiencia auditiva.**

## 12. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES

Por outra banda, non podemos esquecer que toda lingua é un vehículo de transmisión cultural e que o seu coñecemento favorece a tolerancia e o respecto por outras culturas, relacionando a cultura propia coa estranxeira, aceptando a diversidade de valores, e superando prexuízos, favorecendo actitudes socialmente positivas tales como a cooperación a través do traballo compartido, o respecto ao interlocutor ou a participación activa en debates.

A través do ensino do portugués, procúrase que o alumnado identifique e valore positivamente os principais costumes e trazos da vida cotiá propios dos países e culturas onde se fala. Que os poidan comparar sen preconceitos cos patróns culturais existentes en Galicia, evitando sempre os estereotipos e as actitudes etnocéntricas, androcéntricas e xenófobas, que se transmiten socialmente, desde a familia, escola ou medios de comunicación.

O noso traballo a este respecto ten como finalidade, e longo de varios cursos cos mesmos alumnos/as, a transformación progresiva da visión negativa en positiva que grande parte do alumnado de Tui ten sobre Portugal, os portugueses ou dos africanos lusófonos.

Outro obxectivo é a mudanza das condutas agresivas, promovidas moitas veces polos conflitos e das guerras do mundo dos adultos. Traballaremos a través de textos e debates a educación para a paz, a prevención das manifestacións de violencia no medio escolar (verbais e físicas), o respecto cara ao alumnado vindo doutros países e a comprensión das circunstancias vitais de moitas persoas en países subdesenvolvidos.

Promocionaremos unha educación sexual que aposte polo modelo preventivo e informativo. Leremos textos que teñan que ver co tema da violencia de xénero, ou a explotación sexual de nenos/as no mundo, para que eles reflexionen de forma autónoma sobre os dereitos dos nenos/ a igualdade de xénero, etc. E o rexeitamento dos estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

A educación ambiental, a conservación da calidade do medio e a educación no respecto cara á natureza e a conciencia de interdependencia entre todos os seres vivos, son outros dos temas que, xunto coa reciclaxe, estarán presentes en moitas das propostas de lectura, debate ou investigación das aulas de portugués.

En definitiva, tentaremos que os rapaces e rapazas asuman responsablemente os seu deberes, coñezan e exerzan os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practiquen a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, que se exerciten no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e que se preparen para o exercicio da cidadanía democrática.

### 13. APORTACIÓN AO PROXECTO LECTOR

Como desde este Departamento só propomos lecturas en portugués tanto de autores clásicos e actuais de países lusófonos (portugueses, brasileiros, angolanos, ...) ou obras clásicas da literatura universal traducidas para o portugués, os días en que se marca a lectura nas aulas, os alumnos poden escoller unha obra en portugués, se cadran na aula de portugués, e non quedan na aula de referencia seguindo o plan proposto para todo o centro.

Como xa indiquei anteriormente eu sigo moi de preto na propostas das miñas lecturas o **Plano Nacional de Leitura** en Portugal, que reforza fundamentalmente a lectura dos grandes clásicos da literatura universal. Cremos que é fundamental crear hábitos de lecturas a través de lazos afectivos e sociais e ampliar a capacidade de contactar con textos e temas variados doutras literaturas e linguas. Por iso tentarei:

- Desenvolver a competencia de lectura
- Interaccionar co universo textual a partir da súa experiencia e coñecemento do mundo.
- Apropriarse de estratexias para a construción de sentidos.

#### LECTURAS PROPOSTAS PARA O CURSO 2021-2022

Sempre traballamos en colaboración coas bibliotecas de localidades portuguesas veciñas (Valença e Vila Nova de Cerveira) para conseguirmos obras variadas de distintas temáticas, dado que non temos case material para os cursos da ESO na biblioteca do noso centro.

Na escolla das lecturas temos moi presentes as propostas feitas polos profesores das escolas destas localidades e, en moitas ocasións, seguimos as súas propostas e consellos. Ao mesmo tempo, séguense moi de preto as indicacións dadas en Portugal para o seu Plano Nacional de Leitura

([www.planonacionaldeleitura.gov.pt/](http://www.planonacionaldeleitura.gov.pt/))

### Para 1º da ESO

Terán que ler varias obras durante o curso que puntuarán ata o 25% da nota final (máximo 2.50 puntos). As lecturas serán fáciles e variadas (pequenas biografías, bandas deseñadas (*Arroz*), contos clásicos (*Webquest 1001 noites*), ...) e poderán escoller entre os libros que traia da Biblioteca de Valença e Vila Nova de Cerveira ou na rede **libros digitais** ([www.planonacionaldeleitura.gov.pt/](http://www.planonacionaldeleitura.gov.pt/)).

. Este ano procuraremos ler de novo *A Fada Oriana* de Sofia de Mello Breyner.

### Para 2º da ESO

Terán que ler algunha obra ou conto de escritores/as portugueses de todos os tempos. A maior parte das lecturas serán escollidas na Biblioteca de Valença e Vila Nova de Cerveira, que nolas dan en préstamos durante 15 días.

### Para 3º da ESO:

Alén das lecturas escollidas na Biblioteca de Valença e Vila Nova de Cerveira, deberán ler: ***O Príncipe da Dinamarca***, de Sophia de Mello Breyner. Algún conto de ***Os Bichos*** de Miguel Torga. E unha lectura on-line, como por exemplo a banda deseñada: ***O Conde don Henrique***.

### Para 4º da ESO:

Poderán escoller entre varias obras como *A lua de Joana* de María T. Maia, *A inaudita guerra da avenida gago coutinho* de Mario Carvalho. Tamén leremos antoloxías de poetas como Miguel Torga, Sofia de Mello Breyner, Florbela espanca, Fernando Pessoa etc. Procurarase que lean obras do seu gusto incluídas aquelas con temática LGBT.

## **14 . EMPREGO DE FERRAMENTAS TIC**

Nos novos proxectos de ensino xúlgase como imprescindible adaptarse ás novas tecnoloxías e converter os contidos en aulas máis interactivas con animacións, vídeos, simulacións, audicións, que tornan o proceso de aprendizaxe máis construtivista, ou permiten testar e avaliar os coñecementos de forma inmediata e dinámica. Como en anos anteriores, iremos ás aulas de informática cando estean libres para elaborar presentacións sobre algún tema proposto (emaze, prezi, Power Point, Impress ...) ou acceder a sites lúdico-educativos como [www.sitiodosmiudos.pt](http://www.sitiodosmiudos.pt), [www.infopedia.pt](http://www.infopedia.pt) ou [www.sabermais.pt](http://www.sabermais.pt), ...

Como na rede existen múltiples recursos de apoio à aprendizaxe da lingua portuguesa, vou citar a seguir só algúns que considero interesantes:

- [BibliotecaUniversal](#).
- [Centro Virtual Camões](#). Nesta área encontra recursos que apoiarán a aprendizaxe de portugués nas suas varias vertentes: falar, ouvir, ler e, brevemente, escribir. Exploraremos tamén a sección brincar, onde hai xogos para aprender portugués de forma lúdica. Os recursos están organizados en tres niveis de dificultade.
- [Ciberdúvidas](#).
- [Conjugador de verbos](#). Esta base de verbos conxugados da lingua portuguesa posúe aproximadamente 280.000 rexistros distintos.
- [Corrector ortográfico](#). Para facilitar o acceso á tecnoloxía FLiP, a Priberam disponibiliza, en servizo gratuito *on-line*, o corrector ortográfico e o corrector sintáctico (apenas con suxestións, sen explicación

gramatical dos erros) para portugués europeo e do Brasil. En ámbalas variedades da lingua portuguesa é posíbel usar as versións con e sen o Acordo Ortográfico de 1990.

- [Dicionário](#). O Dicionário Priberam da Língua Portuguesa (DPLP) é un dicionario de portugués contemporáneo que contén cerca de 105 000 entradas lexicais, que permite a consulta de definicións, con sinónimos e antónimos por acepción . É tamén posíbel consultar información sobre a orixe de algunhas palabras e a súa pronuncia.

- [Dicionário Bilingue](#). Máis de 100.000 palabras e expresións e 200.000 traducións e exemplos de uso. Transcrición fonética en todas as voces portuguesas. Un extenso repertório léxico.

- [Infopédia](#).

- [Portal da Língua Portuguesa](#). É un repositorio organizado de recursos lingüísticos. Pretende ser orientado tanto para o público en xeral como para a comunidade científica, servindo de apoio a quen traballa coa lingua portuguesa e a todos os que teñen interese ou dúbidas sobre o seu funcionamento. Todo o contido do Portal é de libre acceso e está en constante desenvolvemento.

★ [portuguesembadajoz.wordpress.com](http://portuguesembadajoz.wordpress.com)

## 15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para 2º e 3º da ESO recomendamos o libro-caderno no mercado titulado **Na Crista da Onda I**, da editora LIDEL **ISBN: 978-989-752-308-3**

Ademais como complemento usaremos outros materiais na aula como por exemplo:

- . **Falas português? Níveis A1-A2, Iniciação ao português língua não materna, Porto Editora.**

- . Colección **Gramática Prática**, 3º e 4º ano, Porto Editora.

- . **Jogos Língua Portuguesa** 1º, 2º, 3º, 4º, 5º ano, Porto Editora.

- . Dicionário Ilustrado. Dicionário de Português Língua não Materna, Porto Editora.

- . **Praticar Português** (nível elementar), Helena Lemos, Editorial Lidel.

- . **Português? Sim, obrigado 2**, de European Language Institute.

- . **Português Língua Viva**, Mendes Silva, Edit.Teorema.

- . **Português ao Vivo** (textos e exercícios), Marília M. Cascalho, Edit.Lidel.

- . **SOS Português**. Vocabulário. Ana Rocha, Porto Edit.,2009

- . Lusofonia. Curso Básico de Português Língua Estrangeira. Edit. Lidel.

- . Ver, Ouvir e Falar Português. Edit.Lidel.

- . Gramática Activa 1 e 2, Edit. Lidel.

- . Ditados de Português, Edit. Lidel.

- . Gramática Interactiva, Edit.Lidel.

- . **Exercícios e Notas Gramaticais**, Helena B. Marques Dias, Ediç. Colibri.

- . A Questão Ortográfica. Reforma e Acordos da Língua Portuguesa. Edit. Notícias.

- . Comunicar em Português, Edit. Lidel

- . Jogos e actividades 2 . Português Coloquial, Ed. ASA

- . **Dúvidas do Falar Português**, (varios) Edite Estrela, Editorial Notícias

- . Observa, Conta, Lê, Edit.Lidel

- . **Timi 1**, Edit. Lidel

- . Na onda do Português, 2 e 3, Edit. Lidel

- . Olá! Como está?, Edit.Lidel

- . Português a toda rapidez, Edit.Lidel

- . Manual de Fonética, Edit. Lidel

- .etc., etc.

. Jornais e revistas portuguesas así como enciclopedias xerais.

En moitas ocasións iremos traballar á aula de informática, para realizar actividades on-line, probas confeccionadas, xogos de lingua, ...

Tamén utilizamos materiais audiovisuais: filmes portugueses e brasileiros, filmes con subtítulos ou dobrados, cd.roms, videos etc.

Así mesmo asistirán a charlas, conferencias, que de maneira desinteresada poidan dar diferentes coñecidos e amigos portugueses sobre distintos aspectos do ensino ou da cultura portuguesa.

## 16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROPOSTAS

### ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE PORTUGUÉS PARA O CURSO 2019-2020 DEPARTAMENTO DE LINGUA PORTUGUESA (2ª LINGUA ESTRANXEIRA OPTATIVA)

<b>ACTIVIDADES: saídas cos alumnos-as a Portugal</b>	<b>CURSO (S)</b>	<b>TRIMESTRE</b>	<b>MES</b>	<b>En colaboración co departamento de</b>
Visita de estudos a fábrica Viarco e ao Museu da chapelaria en São João da Madeira.	ESO: 1º -2º- 3º de portugués (poden ir tamén os alumnos de 4ºESO)	1º trimestre	Outubro (antes do día 15)	Plástica
Visita á Escola Superior de Desporto e Lazer de Melgaço	ESO: 2º-3º e 4º de portugués e BAC	1º trimestre	Outubro (finais) ou novembro (primeira semana)	Educación Física
Visita de estudos a Guimarães ou Braga ou a outros lugares.	ESO: 1º, 2º, 3º e 4º de portugués	2º trimestre	marzo	Historia
Visita de estudos ao centro de Portugal: Coímbra e Óvidos varios días.	ESO: 2º-3º e 4º de portugués	2º trimestre		marzo (semana de saída do centro)
Excursión ao Parque Nacional da Serra da Peneda	ESO: 1º-2º-3º e 4º De portugués	3º trimestre	maio	Matemática e Equipo de Normalización Lingüística
Visita ao Aquamuseum de Cerveira	ESO. 1º Todos os grupos deste nivel	1º trimestre	novembro	Bioloxía
Outras actividades complementarias realizadas en horario lectivo no centro ou na Eurocidade de Tui-Valença				
Charlas, palestras, encontros con outras escolas aínda sen determinar datas.	todos os grupos de portugués	2º ou 3º trimestre		Preferentemente abril ou maio

## 17. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Dado que todos os cursos pode haber cambios na programación dependendo do alumnado e dos tempos dados de aula, ao longo do curso revisarei os obxectivos propostos e as dificultades na consecución deses obxectivos, e recollerei na memoria final os cambios e as adaptacións efectuadas con vistas a reducir, ampliar e mellorar en cursos vindeiros.

Analizaremos aqueles traballos, libros, actividades e contidos que non funcionaron correctamente ou que, por seren moi ben aceptados, convén reforzar.

Tui, 10 de setembro de 2022

*Alberto M. Viso Outeirino*  
Asdo.: ALBERTO MANUEL VISO OUTEIRIÑO (XD)